

www.vinisterrae.es

· Horario: De 10.00 a 18.00 horas.

· Servizos: Axenda de Citas, Tradutores, Centro de Negocios, Lavado de copas.

· Carácter: Profesional.

· Perfil Expositores: Adegas, cooperativas, embotelladores de augardentes e licores tradicionais con Denominación de Calidade unicamente de Galicia, así como outros relacionados co sector.

· Perfil Visitantes: Compradores nacionais procedentes tanto do sector da distribución como da hostalaría; importadores e distribuídores duns 15 países e prensa especializada, entre outros profesionais.



7º SALÓN DO VIÑO E LICORES GALEGOS DE CALIDADE

3 e 4 de abril de 2017
OURENSE - GALICIA - ESPAÑA

www.vinisterrae.es

ORGANIZA:



CO APOIO DE:



XUNTA
DE GALICIA

galicia



DEPUTACIÓN
OURENSE

COLABORAN:



MONTERREI

Rías Baixas
DENOMINACIÓN DE ORIGEN



Ribeiro

VALDEORRAS
CONSEJO REGULADOR



Finca Sevilla, s/n - 32005 Ourense / Telf.: +34 988 366 030 / Fax: +34 988 366 204



VII SALÓN DO VIÑO E LICORES GALEGOS DE CALIDADE

VINIS TERRAE, único salón exclusivamente profesional e especializado no viño e licores galegos de calidade, reunirá na súa sétima edición aos produtores de Galicia con compradores de diferentes países.

Trátase dunha feira capaz de posicionar ós nosos viños en distintas áreas do mercado español e internacional interesadas na produción galega, co obxectivo de impulsar a exportación neste sector e acadar unha maior presenza dos viños galegos no territorio internacional, tanto a través da distribución como da canle HORECA.

Expourense converterase nun gran CENTRO DE NEGOCIOS que facilitará o contacto directo entre as adegas e produtores de licor e augardentes das distintas denominacións galegas con compradores nacionais e importadores procedentes de distintos países do Mundo. Deste xeito, o salón transformarase nun foro de intercambio comercial, a través das AXENDAS DE CITAS.

VINIS TERRAE, ó mesmo tempo que proporciona NOVAS OPORTUNIDADES COMERCIAIS internacionais ás adegas e cooperativas galegas, fomenta unha imaxe de Marca de Calidade global dos viños e licores de Galicia.



ACCIÓNS COMERCIAIS

MISIÓNS DE IMPORTADORES

- Trasladaranse importadores seleccionados de varios países que presenten elevados niveis de consumo e preferencias polos viños das denominacións de calidade de Galicia.
- Acudirán tamén países denominados "de oportunidade" para a produción vitivinícola e de licores galegos.

VISITA DE COMPRADORES DE ESPAÑA E PORTUGAL

Estarán convidados a participar compradores da Península Ibérica procedentes tanto do sector da distribución como da hostalaría (grupos hostaleiros, restaurantes, viñotecas ou tendas especializadas, asociacións, etc.) que teñan interese polas características propias dos viños e licores de Galicia, especialmente aqueles que traballen en áreas de grande concentración turística para incorporar os nosos caldos nas súas cartas.

ACCIÓNS DE DIFUSIÓN

- Visita de prescritesores de opinión
- Publicidade en medios especializados
- Marketing directo entre visitantes obxectivo



ACTIVIDADES

Un programa de variadas actividades complementarias desenvolveranse no transcurso do salón, estando sempre dirixidas ós profesionais:

- Catas comentadas
- Maridaxes
- Conferencias
- Visitas a adegas
- Tunel do viño
- Cata extraordinaria Vinis Terrae



DEPARTAMENTO DE ATENCIÓN A EXPOSITORES E VISITANTES PROFESIONAIS
Tel.: 988 36 60 30 – info@vinisterrae.es